



ROGO SOBRE A SINALIZACIÓN DO TRÁNSITO DE PEÓNS NA AVENIDA XOÁN CARLOS I, Á ALTURA DA ESTACIÓN DE SERVIZO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A seguridade peonil nas proximidades da estación de servizo radicada na Avenida Xoán Carlos I, vese comprometida pola inexistencia de beirarrúa en dous puntos concretos, coincidentes coa entrada e saída de vehículos para a citada instalación, tal e como pode verse nas fotografías que se acompañan como anexo.

A zona presenta un elevado nivel de tránsito a pé ao supoñer un cómodo acceso para as persoas que desde o Ensanche (a través das rúas Rosalía de Castro e Rapa da Folla) se dirixen á Alameda, a través das escaleiras do Pilar. O feito de que a beirarrúa desapareza en dous tramos duns 15 metros cada un afecta á seguridade dos peóns, posto que, ao non estar delimitada a zona de paso, os condutores non teñen ningún indicativo da súa existencia, podendo producirse situacións de perigo. Para evitar iso, habería que sinalar este tránsito peonil para lograr unha maior visibilidade para as persoas que acceden no seu vehículo e, sobre todo, para aquelas que se vén na obriga de atravesar esta zona onde a beirarrúa non ten continuidade.

Por outra parte, nas proximidades deste lugar, na mesma intersección da Avenida Rosalía de Castro coa Avenida da Coruña habilitouse recentemente un novo paso de peóns que vén a substituír ao que había un pouco máis abaixo, onde quedou na beirarrúa o pavimento podotáctil que pode levar a confusión a persoas con deficiencia visual, razón pola que sería conveniente a súa retirada.

Á vista do anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte **ROGO**:

Que por parte do Goberno Municipal se dean as instrucións precisas para advertir e sinalar, con marcas transversais descontinuas no firme e cunha advertencia vertical ou coa solución que se considere, o tránsito de peóns pola beirarrúa situada na Avenida Xoán Carlos I, nos accesos á estación de servizo alí existente; e se proceda a retirar o pavimento podotáctil que sinalaba o paso de peóns suprimido á altura do nº 25 da Avenida Rosalía de Castro.

Santiago de Compostela, a 2 de xuño de 2017

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO

